



**AXENCIA DE PROTECCION DA
LEGALIDADE URBANISTICA**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2017 E PROGRAMA DE ACTUACIÓN SINVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

CREACIÓN E FILIACIÓN

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia introduce a novidade organizativa de maior interese en materia de disciplina urbanística, ó crear a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU) como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto no ordenamento urbanístico, e proceder a súa regulación no seu artigo 226. Esta norma legal derrogouse pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dedica o seu artigo 10 á APLU, definíndoa como un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis e os seus estatutos. Está adscrita organicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

COMPETENCIAS ATRIBUÍDAS.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten por finalidade esencial velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Lle corresponden, en todo caso, as seguintes competencias:

A) As competencias que en materia urbanística lle sexan atribuídas polos seus estatutos. O artigo 3 do Decreto 213/2007 indica que son funcións da APLU as seguintes:

a) A inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo.

b) A adopción das medidas cautelares previstas na lei urbanística, en especial, as de suspensión dos actos de edificación e uso do solo que se realicen en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as condicións da autorización outorgada.

c) A instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, cando a competencia para a súa resolución lle corresponda á comunidade autónoma.

d) A formulación ás distintas administracións de toda clase de solicitudes que considere pertinentes para asegurar o mellor cumprimento da legalidade urbanística.

e) A denuncia ante o Ministerio Fiscal e os órganos da orde xurisdiccional penal dos feitos que, como resultado das actuacións practicadas, se consideren constitutivos de delito.

f) A potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

g) O requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral.

h) O asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na Axencia, nas materias da súa competencia, así como a proposta á consellería competente en materia de urbanismo de modificación ou adopción de normas legais ou regulamentarias necesarias para o mellor cumprimento da legalidade urbanística.

i) As competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela, nas condicións que se determinen nos correspondentes convenios de adhesión.

B) As competencias inicialmente asignadas ós órganos autonómicos para restaurar a legalidade urbanística e para impor sancións por infraccións urbanísticas graves e moi graves.

a) En materia de restauración da legalidade urbanística, o artigo 155 da Lei 2/2016 atribúe á APLU a competencia sobre os actos de edificación e uso do solo que se realicen sen o título habilitante esixible sobre os terreos cualificados polo planeamento urbanístico como zonas verdes, espazos libres públicos, viarios ou na zona de protección das vías de circulación establecida no artigo 92.1 da Lei 2/2016, dotacións e equipamentos públicos. E o artigo 156 do mesmo texto legal indica que corresponde á APLU a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade urbanística respecto ás obras e usos realizados en solo rústico, en calquera das súas categorías, sen o preceptivo plan especial, sen autorización autonómica ou sen axustarse ás condicións da autorización outorgada, así como nos supostos de obras e usos prohibidos.

b) En materia de potestade sancionadora, o artigo 163 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, indica que corresponde ó Consello Executivo da APLU a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves a partires de 300.000 € e ó seu director a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves cometidas en solo rústico sen o preceptivo título habilitante ou sen a autorización autonómica cando esta sexa esixible, ou incumprindo as súas condicións, e moi graves ata 300.000 €. Igual-

mente a APLU poderá exercer a competencia para impor sancións cando se a delegue o titular da alcaldía.

PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2017.

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2017 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

a) A recente e cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ó longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.

b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente e

c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercizo coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercizo da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta Axencia céntrase principalmente en mellora-la vixiancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

- A PREVENCIÓN E PERSECUCIÓN DAS INFRACCIÓNS URBANÍSTICAS E DE COSTAS,

- A CONSECUCIÓN DA MÁXIMA COORDINACIÓN, COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS CONCELLOS PARA A CONSECUCIÓN DE ÓPTIMOS RESULTADOS NO EIDO DO URBANISMO,

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración Pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ó disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, na Lei 10/2016, do 10 de FEBREIRO, Do solo de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E3	CRECEMENTO SUSTENTABLE DO TERRITORIO

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA4	ORDENACION TERRITORIO E PAISAXE

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2017	2018	2019
01	ORDENACION URBANISTICA TERRITORIO GALEGO	5.467.475	5.530.300	5.532.475
	TOTAL	5.467.475	5.530.300	5.532.475

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2017	2018	2019
0002	ELABORAC, COORD DE POLIT TERR	5.467.475	5.530.300	5.532.475
	TOTAL	5.467.475	5.530.300	5.532.475

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2017	2018	2019	UNIDADES
1	EXPT E INFORMATIVOS ABERTOS	1.300	1.325	1.350	NUMERO EXPEDIENTES
2	COLABORACION EGAP REALIZACION CURSOS	3	3	3	NUMERO CURSOS
3	EXPTES REPOS. LEGALIDADE E SANC. INICIADOS	500	525	550	NUMERO EXPEDIENTES
4	EXPTES REPOS. LEGALIDADE E SANC. RESOLTOS	500	525	550	NUMERO EXPEDIENTES
5	MULTAS IMPOSTAS	700	715	730	NUMERO EXPEDIENTES
6	ORDES DEMOL EXECUTADAS VOLUNTARIAMENTE	125	150	150	NUMERO DERRIBOS VOLUNTARIOS
7	ORDES DEMOL EXECUTADAS SUBSIDIARIAMENTE	5	6	7	NUMERO DERRIBOS EXECUTADOS APLU
8	CONVENIOS ADHESION ASINADOS	4	5	6	NUMERO CONVENIOS ASINADOS
9	INFORMES URBANISTICOS DE ASESORAMIENTO	7	10	13	NUMERO INFORMES EMITIDOS

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2017	CONCELLO
ADQUISICION VEHICULOS	2.017	2.017	75.000	75.000	VARIOS
ADQUISICION MOBILIARIO	2.017	2.017	10.000	10.000	SANTIAGO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	339.223	339.223	O PINO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	14.500	14.500	BARREIROS
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	239.219	239.219	VIGO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	386.175	386.175	VILABOA
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	112.000	112.000	O GROVE
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	105.500	105.500	OIA

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2017	CONCELLO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	613.349,35	613.349,35	VARIOS
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	59.000	59.000	CARBALLO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	25.491	25.491	PEREIRO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	69.765,65	69.765,65	OUTEIRO
OBRAS DEMOLICION	2.017	2.017	20.777	20.777	SANTIAGO
		TOTAL	2.070.000	2.070.000	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.042.546,14	335.325	10.000
CORUÑA	300.440,99		18.750
LUGO	187.927,17	0	18.750
OURENSE	230.794,71		18.750
PONTEVEDRA	300.440,99		18.750
VARIOS	0	0	1.985.000
TOTAL	3.062.150	335.325	2.070.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2017	2018	2019
APORTACIONES CONCELLOS ADHERIDOS	4.000	4.000	4.000
EXECUCIONS SUBSIDIARIAS	1.985.000	2.047.825	2.050.000
INGRESOS PATRIMONIAIS	8.000	8.000	8.000
MULTAS COERCITIVAS	950.000	950.000	950.000
SANCIONS URBANISTICAS	762.557	762.557	762.557
TASAS (FOTOCOPIAS COMPULSADAS EXPTE)	1.200	1.200	1.200
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.716.718	1.716.718	1.716.718
XUROS DE DEMORA	40.000	40.000	40.000
TOTAL	5.467.475	5.530.300	5.532.475

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Nº Empleados	76	76	76
Custo Total	2.737.969,19	3.018.524	3.062.150
Custo Medio	38.562,94	39.717,42	40.291,45

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017	PREVISIÓN 2018	PREVISIÓN 2019
ALUGAMENTOS E CANONS	17.325	15.000	15.000	15.000	15.000
INDENIZACIONES POR RAZONS	6.997,09	7.000	8.500	8.500	8.500
REPARACIONES E MANTEMENTO	47.145,6	58.500	58.500	58.500	58.500
MATERIAL E SUMINISTRACIONES	131.643,67	244.754	253.325	263.000	273.000
TOTAL	203.111,36	325.254	335.325	345.000	355.000

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Remanente de Tesourería

	2015	2016
1. Dereitos pendentes de cobro	2.635.975,08	4.599.472,63
(+) Do orzamento corrente	1.251.051,72	3.000.000
(+) De orzamentos pechados	1.385.450,73	1.600.000
(+) De operacións non orzamentarias	0	
(+) De operacións comerciais		0
(-) De dubidoso cobro		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva	527,37	527,37
2. Obrigas pendentes de pagamento	146.125,12	152.029,72
(+) Do orzamento corrente	61.762,51	60.000
(+) De orzamentos pechados	2.029,72	2.029,72
(+) De operacións non orzamentarias	82.332,89	90.000
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		0
3. Fondos líquidos	4.813.451,74	6.713.451,74
I. Remanente de tesourería afectado		
II. Remanente de tesourería non afectado		
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	7.303.301,7	11.160.894,65

APLICACIÓNES

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNES INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
ADQUISICION MOBILIARIO	0	3.000	10.000
OBRAS DEMOLICIONS	188.800,4	1.985.000	1.985.000
REFORMA INSTALACIONES	0	10.000	0
VEHICULOS INSPECCION URBANISTICA	0	75.000	75.000
TOTAL	188.800,4	2.073.000	2.070.000

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

O orzamento de Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para o exercicio 2017 acada a cifra de 5.467.475 euros, no que se refire ós seus estados de ingresos e gastos.

ORZAMENTO DE INGRESOS: A previsión de recursos estimada correspóndese ós INGRESOS CORRENTES, que proveñen dos seguintes conceptos:

* Taxas por servizos administrativos, mais concretamente, por fotocopias compulsadas de expedientes en poder da Administración.

* Xuros de demora.

* Sancións urbanísticas impostas.

* Multas coercitivas.

* Execucións subsidiarias.

* Transferencias correntes da Consellería de Medio Ambiente E Ordenación do Territorio.

* Transferencias do concellos pola sinatura dos convenios de adhesión á Axencia.

* Xuros de contas correntes.

ORZAMENTOS DE GASTOS:

-. GASTOS DE OPERACIÓNS CORRENTES: Acadan un importe de 5.467.475 euros e engloban os seguintes conceptos:

* Custos de persoal, polo importe de 3.062.150 euros.

* Gastos en bens correntes e servizos, que contén as asignacións precisas nas diversas partidas para atender os gastos correntes do funcionamento dos servizos administrativos e, en xeral, tódolos servizos necesarios para o axeitado funcionamento a Axencia. Acadan o importe de 335.325 euros

-. GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL: Acadan un importe total de 2.070.000 euros e se corresponden cos seguintes gastos:

10.000 €, destinados a adquisición de mobiliario , tendo en conta o estado do existente, que na maioría dos casos herdouse doutros organismos.

75.000 € destinados á adquisición de todoterreos para inspeccións urbanística, co obxectivo de acceder a zonas de difícil ou imposible acceso co parque automovilístico existente.

1.985.000 € correspondentes ás demolicións ilegais a executar subsidiariamente por esta Axencia.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017					
ESTADO DE GASTOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE					
AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.					
	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017	PREVISIÓN 2018	PREVISIÓN 2019
1.Gastos de persoal	2.738	3.019	3.062	3.062	3.062
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	562	621	621	621	621
2.Gastos en bens correntes e servicios	203	325	335	345	355
3.Gastos financeiros					
3.1. Xuros					
3.2. Resto de gastos financeiros					
4.Transferencias correntes					
4.1. Ao Sector Público					
- Ao Estado					
- A Organismos da Administración Central, (especificar)					
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP					
. OAAA da C.A. (Especificar)					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)					
. Universidades de la C.A.					
- A Entidades Locais					
- A Consorcios					
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP					
- Ao resto de entidades do sector público					
4.2. Ao sector privado					
- Feoga-Garantía					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
6. Investimentos reais	189	2.073	2.070	2.123	2.115
6.1. Terreos					
6.2. Inmovilizado Inmaterial		88	85	75	65
6.3. Investimentos efectuados a través de sociedades instrumentais					
6.4. Investimentos efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas					
6.5. Resto de investimentos reais	189	1.985	1.985	2.048	2.050
7.Transferencias de capital					
7.1. Ao Sector Público					
- Ao Estado					
- A Organismos da Administración Central, (especificar)					
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP					
. OAAA da C.A. (Especificar)					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP					
. Universidades de la C.A.					
- A Entidades Locais					
- A Consorcios					
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP					
- Ao resto de entidades do sector público					
7.2. Ao sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
TOTAL NON FINANCEIRO	3.130	5.417	5.467	5.530	5.532
8. Activos financeiros	588				
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP					
8.2. Resto de activos financeiros	588				
9. Pasivos financeiros					
TOTAL	3.718	5.417	5.467	5.530	5.532

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017					
ESTADO DE INGRESOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE					
AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.					
	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017	PREVISIÓN 2018	PREVISIÓN 2019
3. Tasas e outros ingresos	1.851	3.376	3.739	3.802	3.804
3.1. Tasas académicas					
3.2. Outras taxas e prezos públicos	5	1	1	1	1
3.3. Outros ingresos	1.846	3.375	3.738	3.800	3.803
4. Transferencias correntes	1.857	2.028	1.721	1.721	1.721
4.1. Do Sector Público	1.857	2.028	1.721	1.721	1.721
- Do Estado					
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)					
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1.845	2.024	1.717	1.717	1.717
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP					
. OOAA da C.A. incluídos en AAPP					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.					
. Universidades da C.A.					
- Das Entidades Locais	12	4	4	4	4
- Dos Consorcios					
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP					
- Do resto de entidades do sector público					
4.2. Da Unión Europea					
- Do Fondo Social Europeo					
- Outras da Unión Europea(ESPECIFICAR)					
4.3. Do Sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
5. Ingresos patrimoniais	10	13	8	8	8
5.1. Xuros	10	13	8	8	8
5.2. Outros ingresos patrimoniais					
6. Alleamento de investimentos reais					
6.1. Terreos					
6.2. Resto de investimentos reais					
7. Transferencias de capital					
7.1. Do Sector Público					
- Do Estado					
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)					
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma					
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP					
. OOAA da C.A. incluídos en AAPP					
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP					
. Universidades da C.A.					
- Das Entidades Locais					
- Dos Consorcios					
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP					
- Do resto de entidades do sector público					
7.2. Da Unión Europea					
- Do FEDER					
- Outras da Unión Europea					
7.3. Do Sector privado					
- Empresas privadas					
- Familias e ISFL					
TOTAL NON FINANCEIRO	3.718	5.417	5.467	5.530	5.532
8. Activos financeiros					
8.1. Remanente de Tesourería					
8.2. Outros activos financeiros					
9. Pasivos financeiros					
TOTAL	3.718	5.417	5.467	5.530	5.532